

COMUNICADO Nº4

Asunto: COVID-19

Queridas familias:

En primeiro lugar, esperamos e desexamos de corazón, que todos vós así coma todos os vosos seres queridos esteades ben e levando esta situación do mellor xeito posible.

Como podedes percibir pola información que ides tendo polos medios de comunicación a situación e as medidas a adoptar van variando segundo avanza os días, polo que é moi difícil aventurar datas de finalización desta situación anómala e de reincorporación ás clases. O que está practicamente definido, aínda que non é oficial, é que ao rematar estes 14 días sen clases haberá outro período doutros 14 días, como mínimo, co estado de emerxencia activado e, por conseguinte, cos colexios pechado. Por este motivo, pedímosvos a vosa comprensión e colaboración nas pautas dadas nestes comunicados para tentar que os vosos fillos e fillas poidan acadar os obxectivos fixados para o curso.

A continuación vos achegamos información de interese:

1. O vindeiro martes 24 de marzo terá lugar a sesión da segunda avaliación (data na que estaba prevista) que realizará o profesorado de xeito online en todos os cursos de todas as etapas, agás 2º de Formación Profesional Básica.
2. Desde as 00:00 horas do martes 31 de marzo estarán na plataforma Esemtia os boletíns de cualificacións da segunda avaliación. (As de FPB en Xade).
3. Calquera tipo de comunicación das familias cos tutores/as realizarase por medio da plataforma Esemtia. É importante poñer o nome do alumno/a nos mensaxes.
4. É importantísimo que os alumnos/as reproduzan nas súas casas o horario lectivo habitual do colexio, realizando as tarefas enviadas polo profesorado. Hai que ter en conta que as tarefas, como se apuntou en comunicado anterior, non son avaliábeis, sen embargo, é obrigada a súa realización pois os contidos que se están a dar serán avaliábeis no centro no momento de reiniciar as clases.
5. **Pedímosvos que nos axudeades**, na medida das vosas posibilidades, **ao cumprimento dos hábitos e dos horarios establecidos**. Non é necesario nin convinte que corrixades as tarefas dos vosos fillos/as. Debemos de fomentar a súa autonomía, sendo coñecedores de que todo o profesorado está mandando a solución das distintas tarefas para que o alumnado poida ver os erros e aprender deles.

Calquera nova que xurda seguiremos comunicándoa por esta canle.

Por favor, non esquezades colaborar ao máximo entre todos/as para rematar con esta situación o antes posible.

#QuedateEnCasa

Sen outro particular recibide unha aperta.

Ourense, 20 de marzo de 2020

O director

Álvaro Cid Bragado